

ACTA DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN DE DATA 10 DE xullo de 2008

Sendo as dez horas do día 10 de xullo de 2008, na Sala de Xuntas da Concellaría de Persoal reúnese a Mesa de Negociación do Excmo. Concello da Coruña, asistindo esta

Por parte da Administración Municipal

- D. Juan Manuel Díaz Villoslada, Director de Servizos Xerais, Facenda e Interior
- Dña Loreto Díaz Sánchez, Xefe de Servizo de Persoal
- Dña Lorena Abad Carrera, Xefe de Departamento de Xestión de Recursos Humanos, que actúa como secretaria

Por parte das seccións sindicais comparece

Como representantes sindicais

- Dña Marina Lorenzo Fernández (CC.OO)
- D. Roberto Tizón Miguens (CIG)
- D. Manuel Aceña Liste (CSI-CSIF)
- D. Javier Sobrino Viqueira (UGT)

Como asesores

- D. Susana Álvarez Fernández (CC.OO)
- D. Gabriel Rodríguez Gutiérrez (CIG)
- D. Andrés Otero Cerveró (CSI-CSIF)
- D. José Ángel Varela Moure (UGT)

A orde do día da presente mesa é o seguinte:

- 1º Aprobación da actas de sesións anteriores
- 2º Sistema de traballo da Policía Local.
- 3º Bases do concurso de provisión de postos de traballo
- 4º Rogos e preguntas

Atopa presente D. German Lago, Director da Área de Seguridade Cidadá, ao obxecto de explicar, en relación ao segundo punto da orde do día, o sistema de traballo da Policía Local. En relación a este punto da orde do día, faise entrega de documento resultante de última reunión de mesa técnica de Policía Local e D. German Lago procede a explicar o documento.

Concluída a intervención do Director de Seguridade Cidadá, comezan as intervencións das distintas seccións sindicais:

- CSI-CSIF: D. Manuel Aceña pregunta se é preciso para o servizo traballar 7,75/8 horas e compensalo logo con libranzas. Formula prescindir dun día de libranza e reducir horas de traballo ou ben establecer o sistema de traballar 7:30 horas e solapar quendas.
- Por parte de CIG, fanse as seguintes consideracións:
 - no horario anual non se están a computar os días de antigüidade que corresponden en vacacións e días de asuntos propios así como a semana de antigüidade
 - non se reflicte no sistema de traballo as medidas de conciliación que hai que ter en conta á hora de distribuír as vacacións, cuestión que si se debería reflectir.
 - Tampouco se reflicte cales son as condicións nas que se poden coller os moscosos. D. German Lago contéstalle que é un criterio restrictivo que se aplicaríase as fins de semana porque durante as fins de semana se reducen á metade os efectivos. D. Roberto Tizón indica que sería necesario sinalar cal é o tanto por cento que se considera servizo mínimo. D. German Lago lexplicalle que os servizos mínimos na Policía Local varían atendendo ás circunstancias de cada servizo ou fin de

semana, p.e. non é o mesmo un sábado norma que un sábado con partido de fútbol

- D. Roberto Tizón conclúe dicindo que se está a modificar con este sistema o acordo de servizos extraordinarios previsto no Convenio Colectivo. D. German Lago contéstalle que se trata dun sistema de traballo propio polas peculiaridades da Policía Local.
- CC.OO manifesta que non ten nada que manifestar.
- UGT. D. Javier Sobrino recorda que na mesa técnica o que se pediu como compensación por traballar cinco días seguidos:
 - Baixar a 7 horas e media.
 - Reducir os servizos mínimos a un terzo. D. German Lago contéstalle que así non se poden garantir os servizos mínimos.
 - Librar dous festivos de cada tres. D. German contéstalle que, facendo números e coa redución ao 50%, só se pode librar 6 de cada 12 festivos.

D. Manuel Aceña, en relación á compensación dos servizos extraordinarios, manifesta que non se pode admitir que a compensación vaia por debaixo do establecido no convenio. No mesmo sentido pronúnciase UGT. D. German Lago manifesta que se pode adaptar o sistema de compensación á normativa vixente.

Concluídas as intervencións, D. Juan Manuel Díaz Villoslada manifesta que o documento coas novas achegas se lles remitirá de novo para que o sometan á asemblea dos seus afiliados e así na próxima mesa de negociación, o día 24 de xullo, formular as posturas correspondentes e así deixalo pechado antes do mes de agosto. Proporíase que tivese efectos do 15 de setembro. Por parte dos representantes sindicais maniféstase a súa conformidade. Tanto CSI-CSIF como UGT manifestan que a entrada en vigor sería mellor o 1 de outubro, pois en setembro hai aínda xente de vacacións.

Séguese a sesión co punto referente ás bases do concurso para a provisión de postos de traballo. En relación con este tema, Dña Loreto Díaz expón as modificacións que se realizaron nas citadas bases, recollendo algunha das alegacións manifestadas polos representantes sindicais na Mesa de Negociación do día 3 de xullo. As modificacións recollidas son as seguintes:

- Suprímese o apartado de Titulacións e incorpórase ao apartado de "Cursos" cunha puntuación máis baixa (0,60 puntos).
- Como consecuencia do anterior, houbo que readaptar as puntuacións dos distintos apartados.
- Na Comisión de Valoración, faise referencia á composición da comisión que se recolle no Decreto da Xunta de provisión de postos de traballo, facendo referencia unicamente á normativa.
- no apartado "antigüidade", pásase a valorar por mes cunha puntuación de 0,025 puntos por mes traballado. D. Roberto Tizón manifesta que este tipo de puntuación favorece os empregados máis novos. Se se quere beneficiar aos máis antigos, hai que facelo por ano. Dña Marina Lorenzo manifesta que prefire que se valore por meses. Dña Loreto Díaz di que é certo que a lei sinala que a antigüidade ha de valorarse por anos. Concluída a discusión, acórdase que a antigüidade se valorará por anos de prestación de servizos, de conformidade coa normativa vixente.

Rematada a exposición de Dña Loreto Díaz, D. Roberto Tizón fai as seguintes consideracións:

- Falta o Anexo I onde se recollerían as puntuacións mínimas necesarias para a adxudicación dun posto de traballo así como o Anexo II, listado de áreas funcionais. Dña Loreto Díaz contéstalle que a puntuación mínima para cada posto se incluíra

na relación de vacantes de postos de traballo de funcionarios. Outra solución sería poñer unha porcentaxe da suma total de apartados: o 25% do total e xa non fai falta o poñer en ningún anexo.

- Reitera a non admisión da titulación superior á necesaria para o posto como mérito xa que non ten relación co desempeño do posto. D. Juan Manuel Díaz Villoslada contéstalle que este mérito se introduciu no apartado de "curso" e converteuse nun mérito moi pequeno, eliminándoo como mérito específico.
- En relación cos cursos impartidos, propón non puntuar a reiteración de impartición de cursos e non o deixar á discreción da comisión de valoración. Hai que deixalo o suficientemente claro para que non haxa interpretacións distintas nas diferentes comisións de valoración. D. Juan Manuel Díaz Villoslada propón que a repetición de cursos, tanto en impartidos coma en recibidos, se valore cun 25% da puntuación total segundo o número de horas. Esta proposta admítase por todos os sindicatos.
- En relación ao prazo de resolución do concurso, oito meses parécelle demasiado. Proponse e acéptase a redución de seis meses como prazo para a resolución do concurso.

Concluídas as consideracións, D. Juan Manuel Díaz Villoslada manifesta que cos cambios aceptados se mandará aos sindicatos unha nova versión, coa falta do anexo de postos vacantes de funcionarios. Dña Marina Lorenzo pregunta cando se vai ter este listado. D. Juan Manuel Díaz Villoslada contéstalle que se intentará rematar canto antes para poder remitila.

Antes de entrar na quenda de rogos e preguntas, D. Roberto Tizón formula, en relación á promoción interna de administrativos que se está a celebrar, que antes de que tomen posesión os novos administrativos, se oferten aos empregados máis antigos deste grupo os postos que hai para que poidan moverse e as resultas deste ofrecelas aos novos, como un concurso de traslados específico para o grupo C. D. Juan Manuel Díaz Villoslada contéstalle que hai que estudar esa posibilidade e se dará contestación.

A continuación pásase á quenda de rogos e preguntas:

- D. Roberto Tizón comunica, en relación aos documentos entregados na Mesa do 3 de xullo sobre productividades e o Acordo con Air Liquide, que presentou dous documentos por rexistro xeral en contestación a estes. En concreto, en relación cos criterios de produtividade, D. Roberto Tizón manifesta que o goberno municipal esta incumprindo de modo flagrante a clausula quinta do Acordo da VPT. D. Juan Manuel Díaz Villoslada contéstalle que se revisarán ambas as dúas cuestións.

En canto á aprobación de actas de mesas anteriores, por parte da Secretaria faise entrega de copia destas para que as repasen e manifesten se teñen algunha alegación que facer a estas.

Como data para a próxima mesa de negociación, sinálase o día 24 de xullo, ás 10:00, para pechar o sistema de traballo da Policía Local e as bases do concurso.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as doce horas e quince minutos, pola Sra. Presidenta levántase a sesión, do que eu, secretaria, dou fe.